



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN FESTAS DE VIMIANZO 2023 PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE VERÁN DO ANO 2024**

EXP.TEDEC: 2024/A004/000003

### ANTECEDENTES

Visto o convenio de colaboración asinado entre o concello de Vimianzo e a Asociación Festas de Vimianzo 2023 para a celebración das festas do ano 2024.

Vista a solicitude presentada o día 8 de agosto pola Asociación Festas de Vimianzo 2023 para o abono do 60% da contía total da axuda, segundo o establecido no convenio de colaboración.

Consta no expediente documentación xustificativa de que a Asociación está ao corrente coa Seguridade Social e a Axencia Tributaria Estatal así como a declaración responsable.

Visto informe de tesouraría polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente coas obrigas co concello.

Visto informe emitido pola Intervención municipal en sentido favorable

Visto canto antecede e tendo en conta o previsto no art. 21,1,s de LBRL., esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Autorizar e dispoñer o gasto por importe total de mil euros (12.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 338.48205, segundo se establece no convenio; recoñecer a obriga e realizar o pago na porcentaxe do 60% da contía total indicada en concepto de pago anticipado ( 7,200,00 €) á entidade Asociación Festas de Vimianzo 2023 con CIF G56585110, de conformidade co establecido na cláusula novena do convenio, na conta bancaria de ABANCA con IBAN ES29 2080 0082 4530 4001 9998 anexo certificado no expediente.

A porcentaxe do 40 % restante, aboarase, logo de que se efectúe a debida xustificación por parte da entidade.

**SEGUNDO.-** A subvención concédense condicionada a facer constar na documentación, soporte impreso ou publicidade de todo tipo referente ás actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan coa financiamento do Concello de Vimianzo.

**TERCEIRO.-** Indicarlle á entidade beneficiaria desta subvención que para o pagamento das axudas deberán dar cumprimento ao sinalado na cláusula sexta do convenio.

**CUARTO.-** Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario do concello de Vimianzo dou fe.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juíz